


R/21. 10. 2007



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Delegación Provincial de Pontevedra
Servicio de Protección do Litoral

Rúa Alcalde Hevia, 7
36071 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805 656 - Fax: 986 805 604



NOT/ RESOLUCION
EXPTE 06/247

Residencial Illa de Arousa, S.L.
Carlos Cao Pérez
Estrada de Madrid Km 150
36628 Vigo

En relación coa solicitude de autorización para construción de pista polideportiva e piscina (en servidume de protección) e de declaración de non necesidade de autorización para a construción de edificio de vivendas e garaxes (fóra da mesma), no lugar de Punta Furado, Cabodeiro, termo municipal da Illa de Arousa, a Delegada desta Consellería dictou en data 14 de novembro de 2007 a seguinte:

RESOLUCION

SOLICITUDE DE AUTORIZACION PARA CONSTRUCCIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA E PISCINA (EN SERVIDUME DE PROTECCIÓN) E DE DECLARACIÓN DE NON NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE VIVENDAS E GARAXES (FÓRA DA MESMA), NO LUGAR DE PUNTA FURADO, CABODEIRO, TERMO MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA, FORMULADA POR D. CARLOS CAO PÉREZ, ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE RESIDENCIAL ILLA DE AROUSA S.L., EXPEDIENTE 06/247

Examinada a documentación obrante no expediente instruído ó efecto resulta:

ANTECEDENTES

Por D. Carlos Cao Pérez, actuando en nome e representación de Residencial Illa de Arousa S.L. formulouse solicitude de autorización para construción de pistas deportivas e piscina, dentro da servidume de protección e de declaración de non necesidade de autorización para a construción de vivendas e garaxes (en curso de execución) por estar situados fóra da zona de servidume de protección, no lugar de Punta Furados, Cabodeiro, termo municipal de A Illa de Arousa.

Solicitouse informe do Ministerio de Medio Ambiente, de conformidade co establecido no artigo 49 do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, aprobado por R.D. 1471/1989, modificado polos RR.DD. 1112/1992 e 1771/1994, así como ó Concello en torno ós aspectos urbanísticos da solicitude de autorización formulada, sen que ata esta data fose remitida polo mesmo. A clasificación urbanística do terreo é urbano (afectado por protección de costas na zona na que se pretenden realizar as instalacións deportivas), contando á entidade con licenza municipal para a construción das vivendas e para a instalación dun valado de obra, cunha superficie de 600 ml de lonxitude, durante a realización dos traballos.



FUNDAMENTOS XURIDICOS

O expediente foi tramitado de conformidade co establecido na Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas, e no Regulamento Xeral para o seu Desenrolo e Execución, aprobado polo R.D. 1471/1989, de 1 de decembro, modificado polos RR.DD. 1112/1992, de 18 de setembro e 1771/1994, de 5 de agosto.

A parcela obxecto da solicitude está afectada pola servidume de protección do dominio público, definida e regulada nos artigos 23 ó 26 e disposición transitoria 3ª da Lei de Costas, e 43 ó 50 e disposicións transitorias sétima e seguintes do seu Regulamento.

Polo Servizo de Costas emítese en data 19 de marzo informe no que sinalan:

“Según a documentación presentada, la pista polideportiva y la piscina para las que se solicita autorización, se ubicarían en terrenos afectados pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

-En cuanto a la posible declaración de no necesidad de autorización para los edificios, le comunico que en fecha 7 de febrero pasado se procedió por parte del personal de vigilancia de este Servicio, a formular la correspondiente denuncia contra la empresa interesada, por haber comenzado las obras en edificios de viviendas y garajes en terrenos afectados por la servidumbre de protección: denuncia que fue remitida en fecha 15 de febrero, con número de referencia 05.I.04/07-II.

- O deslinde está aprobado por Orden ministerial de fecha de 28 de enero de 2004.

- Las obras no inciden en el dominio público marítimo-terrestre, ni en la servidumbre de tránsito, ni en ningún acceso ó mar”.

Do contido deste informe conferiuse traslado á entidade peticionaria, ó abeiro do artigo 84 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por oficio de 11 de outubro, e a instancias da peticionaria, o Servizo de Costas remite novo informe no que literalmente sinala *“se considera corregido el error evidenciado”*, referido á invasión da servidume polas vivendas.

Estimando que a solicitude de autorización formulada é conforme coas esixencias da Lei de Costas e de conformidade Decreto 519/2005, de 6 de outubro (D.O.G. n.º 198 de 14 de outubro) polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e co Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre no que se atribúen ós delegados provinciais ou territoriais a competencia para o outorgamento de autorizacións na zona de servidume de protección:



RESOLVO:

Conceder a Residencial Illa de Arousa S.L. autorización para construción de pistas deportivas e piscina, no lugar de Punta Furado, Cabodeiro, termo municipal de A Illa de Arousa, según os termos do Anexo ó proxecto visado o 22 de decembro de 2006, asinado polo arquitecto Alfonso Penela Fernández.

A presente autorización outorgase sen prexuízo das demais autorizacións sectoriais preceptivas .

As obras autorizadas deberán iniciarse nun prazo máximo de catro (4) meses, debendo quedar finalizadas nun prazo de un (1) ano.

Declarar a non necesidade de autorización para a construción dos edificios de vivendas no mesmo lugar por non resultar afectados pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, según a ubicación que resulta do plano adxunto.

Notifica-la presente resolución, facéndolle saber o seu dereito a interpor fronte á mesma recurso dealzada perante a Excm. Sra. Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no prazo DUN MES, contado a partires do día da súa notificación, de conformidade cos artigos 107.1 e 48.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Pontevedra, 14 de novembro de 2007



Francisco de Peña Pérez
Xefe do Servizo de Protección do Litoral